



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 6 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 26 DE MAIO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

SECRETARÍA XERAL:

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 5 da sesión de pleno ordinario do 28 de abril de 2022



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior núm. 5 da sesión de pleno ordinario do 28 de abril de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior 5 da sesión de pleno ordinario do 28 de abril de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), dos concelleiros non adscritos (3) e co voto a favor de D^a Maruxa Martínez Romaní grupo municipal do BNG (1), e coa abstención da concelleira, D^a María Lago Lestón (BNG), por non estar presente.

Segundo. Proposta de modificación da data da sesión plenaria ordinaria do mes de xuño

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DATA DA SESIÓN PLENARIA DO MES DE XUÑO

Visto o anuncio dos acordos do Pleno de organización da Corporación publicado no BOP núm. 135 do 18 de xullo de 2019 no que sinala: “Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 20.30 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.”

Visto que a sesión plenaria do mes de xuño se celebraría o xoves 30 de xuño de 2022 ás 20.30 h.

Visto a Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia que establece como festivo local no municipio de Muros o 29 de xuño, festa de San Pedro.

Polo que segundo canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción da seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO. *Establecer a celebración da sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de xuño, o luns 27 de xuño de 2022 ás 20.30 h.*

SEGUNDO. *Notificar este acordo aos membros da corporación e publicar este anuncio na taboleiro e na páxina web do Concello de Muros.”*

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), das concelleiras non adscritas (2) e do grupo municipal do BNG (2), e coa abstención do concelleiro non adscrito, D. José Manuel Quintela Fernández (1), adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Establecer a celebración da sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de xuño, o luns 27 de xuño de 2022 ás 20.30 h.

SEGUNDO. Notificar este acordo aos membros da corporación e publicar este anuncio na taboleiro e na páxina web do Concello de Muros.

Terceiro. Proposta de Incorporación ao inventario de bens municipal do Concello de Muros da finca con nave situada na Ribeira do Maio, Esteiro.

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE INCORPORACIÓN AO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL DO CONCELLO DE MUROS DA FINCA CON NAVE SITUADA NA RÚA RIBEIRA DO MAIO, ESTEIRO



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. As entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, que será obxecto de actualización continua e rectificarse anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

SEGUNDO. A lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 17 a 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- artigo 86 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

TERCEIRO. A actualización puntual dos inventarios e a utilización de todos os medios de protección legalmente previstos son absolutamente imprescindibles para a conservación dos bens municipais.

CUARTO. O Pleno da corporación Local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación, comprobación e actualización.

QUINTO. O 13 de decembro de 2017 produciuse o seguinte acto que implica unha modificación no inventario de bens, do cal se achega o documento de cesión para a súa incorporación ao expediente.

Alta da finca con unha nave (nave de Plácido) construída situada na Ribeira do Maio, Esteiro, con referencia catastral 1882101MH0318S0001MR, que linda norte con parte do campo de fútbol das Salinas, sur vial público, leste con parte do campo de fútbol das Salinas e camiño público, e oeste co paseo marítimo. Ten unha superficie do terreo de 740 m², e da nave de 1.152 m². A súa natureza é de dominio público municipal.

En base ao anterior e realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación e ao estudo previo por parte da comisión informativa a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da finca con nave situada na Ribeira do Maio, Esteiro, coa seguinte descrición:

Nome:	Nave de Plácido
Natureza:	Rústico
Situación:	Finca con almacén na Ribeira do Maio, Esteiro
Lindeiros:	Norte con parte do campo de fútbol das Salinas Sur vial público Leste con parte do campo de fútbol das Salinas e camiño público Oeste co paseo marítimo
Superficie:	Terreo de 740 m ² e nave de 1.152 m ²
Natureza:	Demanal
Título da propiedade:	Título de cesión
Inscrición rexistral:	Non figura no Rexistro da propiedade
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de Adquisición	13/12/2017



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. González pregunta por unha parte pequena da nave.

A señora alcaldesa contesta que aparece toda a superficie da nave.

A Sra. Lago di que non teñen inconveniente, e rogan que se fixen no uso que pon o documento de cesión.

A señora alcaldesa di que o consultou e que non habería problema co tema do uso.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Proceder á incorporación da finca ao inventario de bens de titularidade municipal da finca con nave situada na Ribeira do Maio, Esteiro, coa seguinte descrición:

Nome:	Nave de Plácido
Natureza:	Rústico
Situación:	Finca con almacén na Ribeira do Maio, Esteiro
Lindeiros:	Norte con parte do campo de fútbol das Salinas Sur vial público Leste con parte do campo de fútbol das Salinas e camiño público Oeste co paseo marítimo
Superficie:	Terreo de 740 m ² e nave de 1.152 m ²
Natureza:	Demanal
Título da propiedade:	Título de cesión
Inscripción rexistral:	Non figura no Rexistro da propiedade
Destino:	Ben de titularidade municipal, público e veciñal
Dereitos reais:	Non
Dereitos persoais:	Non
Data de Adquisición	13/12/2017

SEGUNDO. Facultar á alcaldesa para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

A. Mocións de urxencia

A Sra. Lago presenta unha moción e procede á súa defensa para a súa votación e inclusión como asunto urxente na orde do día.

A moción presentada é do seguinte literal:

“AO PLENO DO CONCELLO DE MUROS

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) proponlle ao pleno do Concello de Muros a aprobación da seguinte moción.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Sendo a regulación do tráfico en vías municipais unha das moitas competencias dos concellos, non está de máis facer reflexión sobre os problemas de tráfico nas rúas da nosa localidade e as posibles solucións aos mesmos, que deberían ser consensuados coa veciñanza afectada.

Fai uns días amencemos na Vila cunha nova sinal que limita o tráfico na Rúa da Real a vehículos de carga e descarga e a aqueles que acedan a garaxes. Esta actuación levantou gran inquedaanza entre a veciñanza, xa que restrinxen substancialmente a actividade e a mobilidade diaria de centos de persoas que utilizan esta rúa.

Non debemos esquecer que a Rúa da Axesta e a Rúa Real son unha das arterias principais do casco urbano de Muros, e que son moitas as veciñas que diariamente percorren estas rúas a pe ou en coche.

Polo que nos consta no grupo municipal do BNG, esta actuación non contou con ningún tipo de publicidade. Xa non pedimos que se elabore unha ordenanza de regulación do tráfico consensuada co resto da corporación, xa que non foi o xeito de actual de esta alcaldía en ningún momento, se non que cando menos, consideramos inexplicable que non se contara coa opinión de toda a veciñanza afectada, máis alá do que puideran desexar algunhas amizades próximas ao goberno, ou aos seus socios.

Ademais, entendemos que esta medida, sen ningunha actuación a maiores, non beneficia en nada a unhas rúas historicamente cheas de actividade e que nas últimas décadas foron perdendo paulatinamente case toda a súa actividade comercial. Esta medida, prexudica en moita medida aos distintos establecementos hostaleiros que están a revitalizar o casco histórico e aos poucos comercios que quedan abertos.

Por todo o exposto, o pleno do Concello de Muros acorda:

- 1. Que se retire o sinal situado na Praza de Galicia que limita o tránsito rodado pola Rúa Real.*
- 2. Que o goberno municipal, e nomeadamente, a consellería encargada de relacións veciñais, convoque á veciñanza afectada e lle expoña os motivos e os beneficios que lle aportará esta decisión.*
- 3. Que o goberno municipal se sente con todos os grupos e elabore un plan de humanización e revitalización do Casco Histórico.”*

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións sobre a urxencia.

A Sra. González sinala que non ten sentido a urxencia cando xa se falou antes do inicio da sesión plenaria coa veciñanza.

A Sra. Alfonso di que lle parece ben que se debata.

A señora alcaldesa di que non entende a urxencia.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), e cos votos en contra do grupo municipal popular (4) e do grupo municipal socialista (4), rexeita a urxencia da moción.

B. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

C. Cuarto. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 501/2022 do 2 de maio de 2022 ata o núm. 652/2022 do 31 de maio 2022, das XGL núm. 9 do 6 de maio de 2022 e da núm. 10 do 20 de maio de



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Quinto. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formulados nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González di que na execución da obra do Eleuterio Balayo estanse ampliando as *canaletas* e rogan que se controle esa parte da execución.

A Sra. González sinala que hai unha queixa co transporte que non se adecúa aos horarios do instituto de Noia, e no concello hai varias persoas afectadas, polo que roga que o Concello faga as xestións necesarias para que se mellore o transporte.

A Sra. González di que queren dar as grazas ao actual goberno por solucionar diversas problemáticas co persoal do Concello.

A Sra. González pregunta por que non hai de novo bandeira azul.

A Sra. González pregunta cando se vai facer unha reunión da Mancomunidade de Augas.

Rogos e preguntas formulados nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago sinala que como a moción non foi adiante, que a vai ler coma un rogo, e di que sendo a regulación do tráfico en vías municipais unha das moitas competencias dos concellos, non está de máis facer reflexión sobre os problemas de tráfico nas rúas da nosa localidade e as posibles solucións, que deberían ser consensuados coa veciñanza afectada. Que fai uns días amencemos na vila cun novo sinal que limita o tráfico na Rúa da Real a vehículos de carga e descarga e a aqueles que acedan a garaxes. Esta actuación levantou grande inqueda entre a veciñanza, xa que restrinxe substancialmente a actividade e a mobilidade diaria de centos de persoas que utilizan esta rúa. Di que non debemos esquecer que a Rúa da Xesta e a Rúa Real son unha das arterias principais do casco urbano de Muros, e que son moitas as veciñas que diariamente percorren estas rúas a pé ou en coche. E polo que lles consta no grupo municipal do BNG, esta actuación non contou con ningún tipo de publicidade. Di que xa non piden que se elabore unha ordenanza de regulación do tráfico consensuada co resto da corporación, xa que non foi o xeito de actuar desta Alcaldía en ningún momento, se non que cando menos, consideran inexplicable que non se contara coa opinión de toda a veciñanza afectada, máis alá do que puideran desexar algunhas amizades próximas ao goberno, ou aos seus socios. Ademais, entenden que esta medida, sen ningunha actuación a maiores, non beneficia en nada a unhas rúas historicamente cheas de actividade e que nas últimas décadas foron perdendo paulatinamente case toda a súa actividade comercial. Esta medida, prexudica en moita medida aos distintos establecementos hostaleiros que están a revitalizar o casco histórico e aos poucos comercios que quedan abertos. Por todo o exposto, roga que se retire o sinal situado na Praza de Galicia que limita o tránsito rodado pola Rúa Real e que o goberno municipal, e nomeadamente, a consellería encargada de relacións veciñais, convoque á veciñanza afectada e lle expoña os motivos e os beneficios que lle aportará esta decisión. E que o goberno municipal se sente con todos os grupos e elabore un plan de humanización e revitalización do Casco Histórico.

A Sra. Lago di que no mes de marzo pediron o arranxo do camiño que sube ás casas en Laxeiras. O estado deste camiño é tan malo que nos pasados días incluso se tivo que baixar a unha persoa con problemas de mobilidade no brazo, porque non pode pasar unha cadeira de rodas, polo que volven reiterar a nosa petición.

A Sra. Lago pregunta se se rematou co arranxo da varanda do paseo marítimo de Muros e pregunta cales foron os motivos para que non se arranxara na súa totalidade.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Lago di que xa teñen comentado en varias ocasións o estado do farol do camiño que vai do parque do Furón ao lugar de Portugalete. Díxoselles que durante unhas obras se cortara o cable e por iso non se arranxaba. Este farol en concreto está nunha zona que queda en escuridade total polas noites. O parque do Furón tamén é, por desgraza, unha zona pola que escapan furtivos que van ao areal da Virxe do Camiño facendo deste paso un lugar potencialmente perigoso, polo que rogan que fagan o posible por dotalo de iluminación.

A Sra. Lago di que a actual normativa de regulación das terrazas é unha copia doutra feita para outro concello que non ten as mesmas características, o sector hostaleiro de Muros ten manifestado en varias ocasións a imposibilidade de cumprila, así como a afectación que tería coas terrazas de todo o concello, polo que rogan que se elabore unha nova normativa neste sentido que derogue a anterior, consensuada con todo o sector da hostalería do concello, e que remate cos problemas que se dan todos os anos coa localización das mesmas.

A Sra. Lago sinala que a estas alturas do ano as praias xa deberían estar todas limpas, polo que rogan que limpen todas canto antes, e non só as que máis se ven.

A Sra. Lago roga tamén que pasen a cortar a herba de todos os parques do concello, nomeadamente o de Ventín

Rogos e preguntas formulados nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso pregunta se o mercadiño se trasladou para a parte de arriba.

A señora alcaldesa contesta que cre que si.

A Sra. Alfonso pregunta polo parque infantil ao lado da escola de Tal.

A señora alcaldesa responde que está en trámite.

Rogos e preguntas formulados nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade pregunta por que non sae na oferta extraordinaria a praza de conserxe do Ramón de Artaza.

A señora alcaldesa contesta que non cumpre os requisitos establecidos na lei.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e cinco minutos, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.